

Resolución reitoral pola que se convocan bolsas de mobilidade para o estudantado dos mestrados universitarios no curso académico 2023/2024

O estudantado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a Universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

Coa finalidade de contribuír a paliar os gastos ocasionados pola mobilidade do estudantado dos estudos oficiais de mestrado da Universidade de Vigo,

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os Estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, bolsas de mobilidade para o estudantado matriculado nos mestrados universitarios de centros propios da Universidade de Vigo que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no Anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [Portal de bolsas](#) da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 31/10/2023 (DOG 10/11/2023)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE BOLSAS DE MOBILIDADE PARA O ESTUDANTADO DE MESTRADO UNIVERSITARIO DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O CURSO 2023/2024

1. OBXECTO

O obxecto destas bolsas é sufragar os gastos derivados da realización de actividades de contido formativo dos mestrados oficiais impartidos pola Universidade de Vigo, que se teñan que desenvolver nunha localidade diferente á da sede do mestrado.

Convócanse bolsas, ata o esgotamento do crédito orzamentario previsto en cada titulación, para o estudantado da Universidade de Vigo dos mestrados universitarios en:

- Enxeñería de Minas
- Investigación Química e Química Industrial
- Lingüística Aplicada
- Nanociencia e Nanotecnoloxía
- Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural
- Xenómica e Xenética

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode solicitar bolsa o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado no curso 2023/2024 nalgún dos mestrados universitarios recollidos na base 1, e en todo caso no momento de realizar o desprazamento subvencionado, dun mínimo de 60 créditos ou os que lle queden para finalizar os estudos.
- b) Realizar ó longo do curso 2023/2024 unha actividade propia do mestrado que esixa desprazamento a unha **localidade diferente á da sede do mestrado**. No caso dos mestrados cunha duración de 2 cursos o desprazamento poderá realizarse ata o 30 de outubro de 2024.

Non poderán ter a condición de beneficiario as persoas nas que concorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

3. INCOMPATIBILIDADES

As bolsas serán incompatibles con calquera outra bolsa ou axuda concedidas por calquera institución pública ou privada para o mesmo desprazamento e finalidade.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o coste da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvenciones.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a estas bolsas, por un total de 4.700,00 euros, irán con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias co importe máximo que se sinala para o que se dispoñen os correspondentes certificados de existencia de crédito:



CSV : GEN-12c8-0b44-935d-67a6-265e-1559-a2a1-b1bd

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 29/04/2024 11:23 | NOTAS : F

2024 0008 111LP20 482.10	800,00	Para o estudantado do MU en Enxeñaría de Minas
2024 0010 111LP98 482.10	1.000,00	Para o estudantado do MU en Investigación química e química industrial
2024 0005 111LP37 482.10	500,00	Para o estudantado do MU en Lingüística aplicada
2024 0010 111LP34 482.10	1.200,00	Para o estudantado do MU en Nanociencia e nanotecnoloxía
2024 0016 111LP70 482.10	200,00	Para o estudantado do MU en Valoración, xestión, e protección do patrimonio cultural
2024 0009 111LP07 482.10	1.000,00	Para o estudantado do MU en Xenómica e xenética

2. A contía individual máxima será a seguinte, dependendo da duración e do destino:

	< 7 días con pernocta	≥ 7 días	≥ 30 días
Península e Baleares (50 km. ou máis)	200€	500€	750€
Canarias e resto de Europa	500€	750€	1.000€
Resto do mundo	750€	1.000€	1.000€
	< 7 días	≥ 7 días	≥ 30 días
Resto desprazamentos	30€/día máximo 100€	200	300

3. O pagamento da bolsa efectuarase, unha vez presentada a documentación que acredite a realización da actividade na que figuren as datas de inicio e fin, mediante transferencia á conta bancaria indicada polo/a alumno/a na súa solicitude e da que deberá ser titular.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

A solicitude realizarase a través do formulario en liña dispoñible na secretaría virtual da Universidade <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/bolsas/convocatorias/index> / Bolsa Mobilidade Mestrado

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento (art. 66.6 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, solicitaráselle que a presente de xeito electrónico.

O prazo de presentación das solicitudes comeza o día seguinte a publicarse esta convocatoria e remata o **27 maio de 2024**, ás 23:59 horas (hora peninsular española).

No formulario en liña achegarase a seguinte documentación:

1. Certificación académica oficial dos estudos que lle deron acceso aos estudos de mestrado, no caso de telos cursado nunha **universidade distinta a Universidade de Vigo**.

No caso de estudantado que accede ao máster desde estudos cursados en universidades estranxeiras deberá aportar a Declaración de Equivalencia de Nota media solicitada ao *Ministerio de Educación e Formación Profesional* a través do seguinte enlace:

<https://www.universidades.gob.es/equivalencia-de-notas-medias-de-estudios-universitarios-realizados-en-centros-extranjeros/>



2. O currículo no que se sinalará, as titulacións, cursos, actividades de investigación e difusión (congresos, publicacións...) e experiencia profesional relacionada cos estudos de máster que está cursando.
3. Descrición da actividade para a que solicita a bolsa segundo o modelo do anexo II no que se indica o desprazamento a realizar, lugar de destino, institución ou entidade, duración do desprazamento e proposta da actividade a realizar no destino. Esta proposta deberá contar co informe favorable da persoa coordinadora da titulación.

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para a correcta avaliación de requisitos e méritos alegados. O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas, logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **dez días hábiles** contados a partir do día seguinte ao de publicación para emendar os erros, as causas de exclusión e a falta de documentación. Para tal fin, presentarán o formulario de alegacións existente na secretaría virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*. A selección será efectuada pola Comisión Académica de cada mestrado de acordo cos seguintes criterios:

1. Terá preferencia o estudantado que inicia estudos de mestrado.
2. A cada solicitude se lle outorgará a seguinte puntuación:
 - Nota media do expediente académico dos estudos que lle dan acceso ao mestrado: 45%
 - Interese do desprazamento: 35%
 - Currículo relacionado cos seus estudos: 20%

A cada persoa solicitante só se lle poderá conceder **axuda para unha actividade** agás no caso dos mestrados cunha duración de 2 cursos nos que se poderá obter unha axuda por cada curso académico. Excepcionalmente no caso de non esgotar o orzamento previsto para cada titulación poderase conceder axuda para mais actividades, en función da puntuación, ata o esgotamento do orzamento.

Tendo en conta o obxecto da convocatoria, no caso de que o número de persoas admitidas sexa inferior ao de bolsas convocadas e dado que non existe puntuación mínima para a selección, aplicárase o procedemento abreviado establecido no artigo 22 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que a Sección de Axudas e Bolsas formulará directamente a proposta de concesión á vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade sen necesidade de que interveña a comisión de selección.

Unha vez que as comisións efectúen a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida, denegada** con mención da causa de denegación e, as **listaxes de agarda** para o caso de existiren renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin, presentarán o **formulario de alegacións** na Secretaría Virtual.



Unha vez que as comisións revisen as alegacións, enviaranlle as propostas á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a súa contía, a listaxe de solicitudes denegadas e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que comezará a contar desde o día seguinte a súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

As listaxes ás que se refire este punto así como a resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, cos efectos de notificación previsto no artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias serán realizadas ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

7. RENUNCIA

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante escrito presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento. As renuncias aceptadas darán lugar á concesión a seguinte persoa da lista de agarda.

8. OBRIGAS

As persoas beneficiarias das bolsas están obrigadas a:

1. Estar matriculado no momento de realizar o desprazamento subvencionado, a tempo completo dun mínimo de 60 créditos ou os que lle queden para finalizar os estudos.
2. Destinar a bolsa á finalidade para a que foi concedida.
3. Presentar documentación acreditativa da participación na actividade subvencionada e a que sexa precisa para acreditar os desprazamentos correspondentes no prazo de 1 mes dende a finalización da actividade.

Ademais o/s beneficiario/a debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de subvencións*, que lle sexa de aplicación.



CSV : GEN-12c8-0b44-935d-67a6-265e-1559-a2a1-b1bd

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 29/04/2024 11:23 | NOTAS : F

9. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e perda do dereito de cobro destas bolsas:

1. Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
2. A ocultación de datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
3. Incurrir nalguna das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalguna destas causas está obrigada a reintegrar á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

10. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

11. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en:

[https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion%20datos%20para%20CONVOCATORIAS%20bolsas.pdf)



CSV : GEN-12c8-0b44-935d-67a6-265e-1559-a2a1-b1bd

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 29/04/2024 11:23 | NOTAS : F

ANEXO II

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE PARA A QUE SOLICITA A BOLSA DE MOBILIDADE

(Debe ser informada favorablemente pola persoa coordinadora da titulación)

Apelidos e nome:

DNI:

Detalle do desprazamento a realizar:

.....
.....
.....

Lugar de destino:

Institución ou entidade de destino/congreso ou curso:

Data de inicio do desprazamento:

Data de finalización do desprazamento:

Duración do desprazamento:

Actividade a realizar no destino:

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

A persoa coordinadora da titulación informa favorablemente a realización desta actividade:

Sinatura dixital da persoa coordinadora:

En, a de de 202

(Sinatura dixital BOLSEIRO/A)



CSV : GEN-12c8-0b44-935d-67a6-265e-1559-a2a1-b1bd

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 29/04/2024 11:23 | NOTAS : F